

*Berrobambán presenta*


# AVESTRUZ EN TERRA ALLEA

---

UN ESPECTÁCULO  
SOBRE A **MADUREZ**

---

BERROBAMBAN  
TEATRO



## O PROXECTO

Hai uns anos, coa publicación do libro de poemas *Contrás* na colección Di-versos de Edicións Positivas, decidimos pór en marcha un proxecto teatral que consistía na realización de dous espectáculos para públicos diferentes a partir do mesmo poemario.

A idea principal deste proxecto era xogar coas diferentes lecturas que se poden facer dos textos e dos espectáculos, pois pensamos que a única diferenza que existe entre o público infantil e o público adulto é o seu nivel de experiencia vital. Poderíamos dicir que a literatura ou o teatro infantil, en realidade, non existen. Existe o teatro e existe a literatura.

Mentres en «A folla máis alta» reflexionamos sobre a infancia, en «Avestruz en terra allea» facémolo sobre a madurez, un tema de difícil reflexión para quen non teña unha certa traxectoria vital. Así, non hai nada en «Avestruz en terra allea» que non poda ver un neno ou unha nena, non cremos nos temas tabú para a infancia, simplemente hai cousas que pode non comprender.



## AVESTRUZ EN TERRA ALLEA

«Avestruz en terra allea» componse de pequenas escenas da nosa vida cotiá, que poderían ser as mesmas que as de calquera outra persoa, escenas das dificultades que atopamos no camiño de facernos adultos, cando descubrimos que os problemas, os compromisos, as responsabilidades ou as decepcións non acaban na infancia, senón que se van multiplicando, e como a liberdade que soñabamos conseguir ao ir medrando continúa resultándonos inalcanzable.

Seguimos sendo fillos ou irmáns, e seguimos tendo os problemas que tiñamos antes por selo; aínda damos explicacións, aínda competimos e pelexamos. Pero ademais agora somos pais ou nais, parella de alguén, empregados ou xefes... coma se obtivésemos pracer en acumular roles e obrigacións, coma se en realidade necesitásemos complicarnos a vida, coma se buscásemos estar rodeados de xente para seguir sentíndonos sós.

En realidade, podemos seguir un camiño diferente ao que nos marcan, lembrar os nosos soños e perseguilos, podemos ser fieis a nós mesmos, só temos que perder o medo. Non somos as únicas avestruces da granxa que botamos de menos unha terra da que lembramos proceder, unha terra que evocamos fermosa e sen fronteiras, pero debemos descubrir que aquela e esta terra na que nos sentimos prisioneiras son a mesma, que seguimos sendo avestruces vaíamos onde vaíamos, e que debemos bailar ceibes.

En Avestruz en terra allea Berrobambán recolle a aparente sinxeleza e o carácter lúdico do poemario para promover a reflexión crítica sobre a nosa propia existencia, sobre os nosos desacougos, coa intención de ofrecernos unha esperanza, un gusto por camiñar cara adiante coa ilusión de quen comeza unha aventura que deixamos atrás na infancia.

**ELENCO**

Paula Carballeira  
Nuria Sanz  
Chiqui Pereira

**TEXTO**

Paula Carballeira,  
a partir do poemario *Contatrás*

**DIRECCIÓN**

Chiqui Pereira

**MÚSICA**

Nacho Sanz

**DESEÑO ILUMINACIÓN**

Baltasar Patiño

**ASESORAMENTO****COREOGRÁFICO**

Olga Cameselle

**DESEÑO E REALIZACIÓN  
DE ESCENOGRAFÍA**

Mariña De Toro  
Fran Corral  
A partir dunha idea  
de X. Carlos Hidalgo

**VESTIARIO**

Leticia Delgado

**DESEÑO GRÁFICO**

Nadina Bértolo

**AXUDANTE DIRECCIÓN**

Lara Rozados

## BERROBAMBÁN

Desde o ano 2000 producimos un total de nove espectáculos teatrais para público familiar, entre os que podemos destacar «Boas Noites», «Bicharada» ou «O refugallo» que tiveron un notable éxito de público, converténdonos nunha das compañías galegas con maior número de espectadores. Participamos en programacións de Galicia, España, Portugal, Corea e Canadá e, polo medio, organizamos o «Asteroide B-612», a primeira programación familiar estable en Galicia e o «Circo-lar», unha programación familiar para a Consellería de Cultura.

O CDG encargounos «A Cabana de Baibaiga», a adaptación dun conto ruso con moita, moita música. Tamén realizamos espectáculos de animación á lectura que nos levaron por moitas bibliotecas e centros educativos.

Neste tempo estreamos tres espectáculos para público adulto, «NdC.», «Vendetta» e «Pressing Catch». Rimos moito facendo oito videos-clips paródicos sobre a vida política galega, e habitualmente entretémonos colaborando con editoras, xornais, outras compañías, salas ou grupos musicais editando os textos teatrais, cedés musicais recompilatorios, devedés interactivos, unidades didácticas sobre teatro contemporáneo, etc. Todo para perseguir a maior difusión posible do noso traballo e así conseguir que o público nos coñeza, porque despois de todos estes anos o único que non cambiou é a seguridade, a confianza, a ilusión e o esforzo que poñemos no noso traballo.

